

# Preguntas frecuentes sobre a vacinación infantil

1 de Xuño de 2020

Tempo estimado de lectura: 9 min

As respostas ás seguintes preguntas serven de xeito xeral. Se ten dúbidas ten que consultar sempre co seu profesional sanitario asignado

## **Que pasa se o meu fillo está enfermo?**

Hai moi poucas razóns médicas para atrasar a vacinación: os bebés e nenos e nenas con tose ou arrefriado leve ou os que toman antibióticos poden vacinarse de forma segura e eficaz. Máis se o seu fillo ten febre alta, debe atrasarse a vacinación ata que estea mellor.

## **Que pasa se a miña filla foi prematura, tivo baixo peso ao nacer ou ictericia?**

En xeral, os bebés prematuros deben vacinarse con normalidade e é importante protexelos adecuadamente pois son máis vulnerables. É máis, pola súa prematuridade recoméndase poñer algunha vacina adicional. Se o seu bebé tivo un peso moi baixo ao nacer, debe consultar co seu pediatra. Os bebés que tiveran ictericia despois de nacer e aqueles que están en lactación materna, deben vacinarse normalmente.

## **Que pasa se o meu fillo ten unha enfermidade grave?**

É moi importante que os nenos e nenas con enfermidades graves sexan vacinados/as, xa que as complicacións en caso de sufrir a enfermidade, son moito maiores se non están vacinados/as. Nenas e nenos con parálise cerebral ou síndrome de Down, deben vacinarse con normalidade, dado que son máis vulnerables.

Hai que ser moi coidadosos cos nenos e coas nenas que teñen unha enfermidade ou un tratamento que lles reduza a súa inmunidade. Neste caso, consulte co seu pediatra ou profesional de enfermería.

No caso de ter recibido algunha transfusión sanguínea, débese atrasar a vacinación coa vacina tripla vírica. O seu profesional sanitario de referencia indicarlle cando poñer dita vacina.

## **Que pasa se o meu fillo ten asma, eczema ou alerxias?**

Estes nenos e nenas deben recibir as vacinas do calendario infantil de vacunación, incluso se teñen unha alerxia grave ao ovo. Unicamente as nenas e os nenos que desenvolvan un shock anafiláctico cando están en contacto co ovo deben evitar a vacina triple vírica.

O feito de que ao seu fillo non lle guste o ovo ou teña diarrea ou dor de estómago despois de comer ovo, non é motivo para deixar de vacinalo e pode facelo sen ningunha precaución especial.

A vacina fronte á gripe non debe administrarse aos nenos e ás nenas con alerxia grave ao ovo. Os nenos e as nenas que toman corticoides por inhalación (para o asma) ou se lles aplica nunha crema a dose baixa (para o eccema) se vacinarán normalmente. Ante calquera dúbida consulte co seu pediatra ou profesional de enfermería.

**Que pasa se o meu fillo ten epilepsia o tivo convulsións?**

Poderán vacinarse se a súa enfermidade está estabilizada.

Nenos e nenas con antecedentes familiares de epilepsia ou convulsións poden vacinarse con normalidade.

Algúns nenos e nenas poden sufrir convulsións febrís, polo que se o seu fillo ten febre moi alta (máis de 39,5 oC) despois de ter sido vacunado, pode utilizar paracetamol ou ibuprofeno.

**Que pasa se a miña filla tivo unha cirurxía recente ou vai tela?**

Ter tido unha cirurxía non é razón para atrasar a vacinación e unha vacinación recente non é razón para atrasar a cirurxía.

**Que pasa se o meu fillo xa tivo unha das enfermidades fronte ás que se vai a vacinar?**

Debe vacinar ao seu fillo a pesares de saber que xa tivo a enfermidade. No caso da varicela, consulte co seu pediatra.

É importante estar protexido xa que en nenos e nenas de curta idade, a inmunidade que producen as enfermidades como infeccións polo Haemophilus Influenzae tipo B (Hib), meningococo e pneumococo non é suficiente.

**Pode o meu fillo ser vacunado aínda que conviva cunha embarazada?**

Non hai problema. De feito, vacinar a nenos e nenas, protexerá á súa convivente embarazada de sufrir enfermidades como a rubéola.

No caso de vacinarse fronte a varicela, se o neno ou a nena presenta lesións na pel, debe restrinxir o contacto coa embarazada.

**Algúns nenos ou algunhas nenas necesitan outras vacinas?**

Si aos nenos e ás nenas que se lles extirpou o bazo, teñen fibrose quística, unha deficiencia inmunitaria, enfermidade cardíaca, pulmonar ou hepática crónica, anemia de células falciformes ou outras enfermidades como a diabetes, deben consultar co seu persoal sanitario de referencia, por si precisarán algunha vacina complementaria.

Recorde que si viaxa a outro país debe consultar por se vostede ou o seu fillo ou a súa filla precisan vacinas especiais.



### **Está ben atrasar a vacinación?**

Algúns pensan que atrasar as vacinas ou espazalas (deixar máis tempo entre unha dose e a seguinte) ou separalas (poñelas de unha en unha sen xuntalas na mesma inxección ou na mesma visita) ten beneficios, sobre todo para o desenvolvemento neurolóxico ou para outras cuestións.

O anteriormente exposto, non é certo e así o amosan estudos recentes. Entre outras cuestións, analizouse o grao de estrés que supón para un neno ou unha nena recibir máis dunha inxección nunha mesma visita e viuse que este non aumenta.

Atrasar as vacinas aumenta o tempo durante o cal o neno ou a nena está a maior risco de contraer enfermidades que poden ser moi graves, sobre todo en nenos e as nenas de curta idade.

Os calendarios de vacinación infantil baséanse no mellor coñecemento científico actual. O momento ideal para que nenos e nenas reciban unha vacina determínase tendo en conta o maior risco de contraer a enfermidade e o momento en que a vacina terá máis efectividade. Por outra banda, cambiar o calendario implica máis consultas co profesional sanitario. Por todo isto, non hai razóns para atrasar a administración de vacinas nun neno ou unha nena san.

### **Que debo facer se a vacinación do meu fillo se atrasou?**

O importante é retomar a vacinación canto antes para reducir ao máximo o tempo que o seu fillo estea desprotexido ou non completamente protexido.

En xeral, non é preciso repetir ningunha dose ou iniciar de novo a vacinación fronte a ningunha enfermidade. Pode ser adecuado reducir o tempo entre unha dose e a seguinte, respectando sempre o intervalo que hai que deixar entre as diferentes doses dunha mesma vacina. Existen calendarios acelerados que poden ser adecuados para o seu fillo. Pregunte ao seu profesional sanitario de referencia.

### **Son os calendarios de vacinación iguais en todas as Comunidades Autónomas?**

Os calendarios de vacinación infantil son moi parecidos entre as diferentes Comunidades Autónomas (CCAA), con algunha pequena modificación segundo as diferentes situacións epidemiolóxicas ou políticas de vacinación. Por exemplo, Cataluña, Ceuta e Melilla inclúen a vacina fronte á hepatite A e algunha CCAA inclúe a vacina fronte a Meninxite B. Tamén hai pequenas diferencias nas idades de vacinación dalgunha vacina infantil.

Por outra banda, a Asociación Española de Pediatría recomenda ampliar a vacinación con algunhas vacinas que non están incluídas nos calendarios de vacinación infantís de forma xeneralizada. Estas vacinas non están financiadas polo sistema público.

Estas son:

- Vacina fronte ao rotavirus: non se financia salvo nos casos de nacementos prematuros (menos de 32 semanas de xestación). En Galicia recomendase a administración desta vacina en nenos e nenas que nacen prematuramente e neste caso é gratuíta.
- Vacina fronte a meninxite B: En Galicia, esta vacina está indicada para nenos e nenas de risco e neste caso é gratuíta.
- Vacina fronte ao VPH para nenos e nenas. En Galicia está indicada nas nenas e en certos adultos homes con determinadas situacións de risco.

Galicia segue sempre as indicacións e recomendacións que se consensúan entre todas as CCAA baixo a coordinación do Ministerio de Sanidade.